



Campamentos urbanos de Nadal 2023 nos Centros Cívicos Municipais

Menores de 4 a 12 anos, nados/as entre o 01/01/2011 e o 31/12/2019

Días: 22,26,27,28,29 de decembro de 2023 e 2, 3, 4 e 5 de xaneiro de 2024

Horario:

Xeral: das 10:00 ás 14:00 horas
Ampliado: das 9:00 ás 14:30 horas

Custo:



Horario xeral: 26 €
Horario ampliado: 32 €

CENTROS CON HORARIO AMPLIADO

- C. Cívico de Monelos
- C. Cívico de Monte Alto
- C. Cívico de Cidade Vella
- C. Cívico de San Diego
- C. Cívico de Novoboandanza
- C. Cívico de Castrillón
- C. Cívico de Labañou
- C. Cívico dos Rosales
- C. Cívico dos Mallos
- C. Cívico de Elviña
- C. Cívico de Palavea
- C. Cívico de Mesoiro
- C. Cívico de Eirís

CENTROS CON HORARIO XERAL

- C. Cívico de Pescadores
- C. Cívico de Visma
- C. Cívico de Artesáns
- C. Cívico Sagrada Familia
- C. Cívico de Feáns
- C. Cívico da Silva
- C. Cívico de Santa Lucía





Preinscrición: 27, 28 e 29 de Novembro

Dúas modalidades:

- Preferentemente en liña a través do formulario dispoñible na web municipal www.coruna.gal/servizossociais/gl que estará aberto dende as 00:00 h. do 27 de novembro ata as 23:59 h do 29 de novembro.
- Telefónicamente a través do seguinte número: 604 10 54 93, en horario de atención das 9:00 ás 20.00 horas, ininterrompidamente.

Ofertaranse prazas para menores con diversidade funcional que poidan seguir as actividades en grupo. A preinscrición dos/as menores que soliciten praza con diversidade funcional achegarase xunto cunha ficha de coñecemento persoal.

As/os menores que soliciten praza de diversidade funcional terán unha numeración e sorteo propios.

Publicación das listaxes de menores preinscritos/as : 1 de decembro.

No taboleiro de anuncios dos centros cívicos no 010 e na web municipal www.coruna.gal/servizossociais/gl

Reclamacións ás listas de preinscricións: 1, 4 e 5 de decembro.

Enviando un correo electrónico co motivo da reclamación a campamentos@serviplus.org. Ou chamando ao número de teléfono 604 10 54 93

Sorteo: 7 de decembro ás 10.00 h en cada centro cívico (agás o sorteo da listaxe de menores con diversidade funcional, que será no Centro Cívico de Monelos).

Publicación das listas de admisións e espera: 12 de decembro na páxina web www.coruna.gal/servizossociais/gl, nos centros cívicos e no Teléfono 010.

Inscrición e pagamento: 13,14 e 15 de decembro.

Para realizar o pago e formalizar a inscrición hai dúas opcións:

1. Transferencia bancaria á conta **ES60 0238 8125 5206 0272 8953** (Banco Santander) e enviar o xustificante de pagamento a campamentos@serviplus.org co nome do/a menor admitido/a no campamento, centro cívico e modalidade horaria.
2. Na web, www.coruna.gal/servizossociais/gl achegando no formulario, o xustificante do pago conforme se realizou a transferencia bancaria.

Xestión da listaxe de espera: A partir do 18 de decembro

As prazas vacantes serán cobertas polos/as menores que están na lista de espera seguindo a súa rigorosa orde.

